

Prólogo de Luis Caramés Viéitez, Catedrático da USC, ex Decano da Facultade.

Este número da Revista contribúe a deixar constancia do 50 aniversario da creación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela. Uns decenios na xa longa historia dunha Universidade máis de cinco veces centenaria, que se viviron con ilusión e entrega, ámbalas dúas máis abundantes cós recursos, porén cuns resultados notables. Desafíos materiais, de persoal e organizativos, nun contexto social no que non faltaron convulsións e crises, ata a moi recente, de xénese esencialmente financeira. Pero a Facultade tivo a virtude –cumprindo, iso si, coa súa misión esencial- de combinar ensino e investigación, esta última no seu duplo prisma de fundamental e aplicada. E fixéronno desbordando o quasi monopolio intelectual neoclásico tan extendido – na miña opinión, un enfoque imprescindible en Economía-, co frecuentemente esquecido institucionalismo, acadando deste xeito unha combinación ecléctica e pragmática, tentando superar os rendementos decrecentes da capacidade explicativa nos que a pura lóxica formal podería acabar confinada. Pola súa banda, os estudos máis enfocados á empresa sempre tiveron neste centro unha acertada planificación, coidando os coñecementos e as competencias nas áreas de xestión, así como a interconexión co mundo real.

E sempre a presenza inevitable da contorna, dos fenómenos xeopolíticos, sociais, medioambientais, así como dos valores éticos e da cultura da responsabilidade. Todo isto sen esquecer que na educación universitaria é unha obriga situarse na vanguarda do coñecemento, polo que se foron introducindo nos programas de ensino e investigación novas fronteiras –como está sendo o Plan Boloña, ao meu xuízo arrafén de fortes desaxustes na súa aplicación- ou a revolución do numérico, a globalización, a gobernanza, a sofisticación dos instrumentos financeiros e máis que se poderían citar. En definitiva, os artigos que dan corpo a este número son testemuña nalgunha medida do que vimos de expoñer, como non podería ser doutro modo. Longa vida, pois, á Facultade e á Revista, sempre coas luces longas que permitan divisar un horizonte de excelencia que, con toda seguridade, será acicate científico e pedagógico para os que hoxe forman, e os que formarán no futuro, o corpo deste querido centro no que axiña iniciarei o meu último curso académico.

Luis Caramés Viéitez. Catedrático de Facenda Pública e Sistemas Fiscais da Universidade de Santiago de Compostela. Ex Decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais.